

Desacordo absoluto da CIG-Ensino coa negativa a convocar as prazas de atención preferente e as licenzas por formación retribuídas

Como xa denunciámos publicamente, o sindicato considera un despropósito que a Consellaría non convoque estas dúas convocatorias

Ao respecto das **prazas de atención preferente** alertamos do perigo que implica que o que era un parche para cubrir parcialmente os insuficientes cadros de persoal dos centros educativos para atender á diversidade quede aínda en menos. Non se pode alegar o retraso na publicación do CXT para non facer a convocatoria porque iso implica que a atención ao alumnado máis necesitado dependa dos prazos dun trámite administrativo que ten lugar todos os anos. Os recortes que vemos habitualmente nas prazas de PT e AL e que foi especialmente preocupante neste curso 2024/25 pode agravarse para o curso que vén. Aínda estando nas datas nas que estamos demandamos a súa convocatoria.

Sobre as **licenzas de formación retribuídas** estamos diante dunha deriva planificada: non hai interese nin preocupación por parte da Consellaría e as prazas van cada vez a menos. Non se inviste nin se incentiva nestas modalidades nin se recuperan as licenzas para rematar estudos e o que se programa lentamente é o fin destas licenzas. Exiximos a rectificación da administración e a convocatoria (e mellora substancial) das licenzas retribuídas de formación.

Novo baremo unificado para os concursos específicos: prazas a convenio e praza de Galego en Londres

As prazas de concursos específicos que a Consellaría trae á Mesa adaptáanse a un novo baremo unificado, algo que era unha demanda sindical e que foi tratado nunha reunión coa subdirección xeral no mes de marzo para contrastar cos sindicatos con representación na Mesa Sectorial, previamente a ter unha proposta da propia administración. Lamentabelmente, o baremo presentado (que podes ver na seguinte páxina) só recolle parcialmente a posición expresada naquela reunión pola CIG-Ensino.

En liñas xerais, sobre o baremo unificado destas convocatorias (prazas a convenio, centro Cañada Blanch) esta foi a posición da CIG-Ensino:

- É positivo que exista unha estrutura básica de baremación para todas as convocatorias de concurso de méritos da Consellaría.

- Esa parte xeral do baremo debe ser idéntica para todos os concursos específicos. Pode, e mesmo debe, existir unha baremación específica de determinados méritos cando a propia natureza das prazas o xustifique.
- A parte xeral debe ser o máis semellante aos seus respectivos apartados do CXT. Para a CIG-Ensino deben figurar tres apartados:
 - Experiencia
 - Méritos académicos
 - Formación

A Consellaría só tivo en conta unha parte das nosas propostas mais incorporou outros apartados que non teñen sentido nunha parte xeral e unificado do baremo.

A puntuación por cargos directivos e outras funcións só se debe considerar para determinadas prazas nas que esa experiencia aporte unha diferenza que deba ser valorada. En ningún caso se debe limitar a puntuación de cargos diferentes á dirección. Nas convocatorias tratadas nesta Mesa non hai ningunha praza que garde relación coas ofertadas. Pedimos, por tanto, que se elimine o tope á puntuación por outros cargos e que todo o profesorado poida acadar os 5 puntos, subindo a puntuación a 0.5 puntos por ano. **Só atenderon a eliminación do tope da puntuación doutros cargos.**

A puntuación por formación compútase con independencia coa relación que poida gardar coas prazas ofertadas. Na nosa proposta defendemos que exista unha parte xeral de formación e outra específica que se bareme á parte. Tamén propuxemos unha maior puntuación para o total da formación (4 puntos por formación recibida e 3 por impartida), tendo en conta precisamente que tanto pode ser formación xeral como específica. **Non o tiveron en conta.**

A puntuación da competencia dixital docente aparece repetida en dous apartados diferentes (3.1. e 4.3). A CDD ten sentido só para determinados postos, polo que debería formar parte dunha parte específica do baremo e só para esas prazas. O principal problema co que nos atopamos coa CDD é que unha mesma función pode puntuarse dúas veces, algo do que xa advertimos cando se introduciu a CDD no baremo do CXT. Así, quen desempeñase un cargo directivo durante 2

méritos	puntos
1. Antigüidade (máximo 10)	1 punto por ano
2. Méritos académicos (máximo 5 puntos)	2.1.1. Doutoramento. 2 puntos
	2.1.2. Máster. 1 punto
	2.1.3. Premio extraordinario 0,5 puntos
	2.2.1. Grao. 2 puntos
	2.2.2. 1º ciclo (diplomaturas...) 1 punto
	2.2.3. 2º ciclo (licenciaturas...) 1 punto
	2.3. a) b) c) d) Certificados de linguas estranxeiras. Desde 0,25 a 1 punto
	2.3. e) Título de técnico superior. 0,5 puntos
3. Cargos (máximo 5 puntos)	2.4.f). Título profesional de música ou danza. 0.5 puntos
	3.1. Dirección. 1,5 puntos
	3.2. Vice, Xefatura, Secretaría. 1 punto
4. Formación (máximo 5 puntos)	3.3. Coordinacións, función tutorial...0,25 (máximo 1,5 puntos)
	4.1. Formación superada. Máximo 3 puntos
	4.2. Formación impartida. Máximo 1,5 puntos
5. Proxecto (máximo 8 puntos)	4.3. Competencia Dixital Docente. De 0,10 a 1 punto
	Puntuación mínima: 4 puntos

anos ten un nivel B2 e, polo tanto, ten unha dupla puntuación. Pasa algo semellante con outros cargos e funcións, podendo chegar a un nivel C1 (ao que só se accede por ocupar determinados postos ou por evidencias). De mantela só se evitaría a duplicidade se queda no 3.1. Sobran razóns, por tanto, para eliminar con carácter xeral a puntuación por CDD e limitala para prazas nas que esta sexa relevante (AMTEGA). **Non atenderon esta demanda.**

Eliminar a arbitrariedade.

- No relativo ao proxecto, a redacción resulta excesivamente xeral e carece de concreción sobre os requisitos esixidos e os criterios que se aplicarán para a súa valoración, o que pode xerar falta de transparencia, desigualdade de oportunidades e dificultades para saber os criterios obxectivos cos que foi valorado. Isto podería solventarse se existise unha rúbrica do proxecto. En todo caso, este non debe ter o carácter que veu tendo e que se mantén coa proposta. Debe reducir o seu peso no baremo, pasando dun máximo de 8 a un máximo de 6 e sen ter carácter eliminatorio. **A Consellaría mantén ese carácter eliminatorio.**
- **Comisión de selección.** A comisión de selección é de todo menos técnica e especializada. Solicitamos unha comisión máis técnica, con perfís de profesorado con experiencia, cando menos, nalgunha das prazas ou perfís que se solicitan.

Prazo de presentación de solicitudes.

Demandamos que se manteña o mesmo de pasadas convocatorias e, por tanto, aumentar de 5 a 10 días hábiles.

Convocatoria das prazas sometidas a convenio

Prazas en hospitais.

Sen prazas en unidades de Saúde Mental Infanto-Xuvenil.

Seguen se convocarse prazas específicas para estas unidades, xa en funcionamento nos principais hospitais e motivo de conflito nestes últimos cursos por non se cubrir ou tardar moito en facelo. Levan meses coa escusa que agora se demostra falsa de estar traballando co SERGAS nun acordo que non se presenta. Exiximos que se convoquen xa.

O curso pasado todas as prazas figuraban no borrador da Mesa do corpo de mestras. Finalmente na convocatoria publicada no DOG, sen previa comunicación aos sindicatos da Mesa, cambiaron o perfil dunha praza (Santiago), pasando a Física e Química de PES con perfil de Inglés. Neste curso hai dúas prazas con ese mesmo perfil de FeQ (Santiago, Vigo) e unha de infantil na Coruña. Pedimos explicacións sobre o motivo de que a especialidade que se pide sexa Física e Química e que non se abra a outras do mesmo ámbito. **Van abrir a outras materias.**

Secretaría Xeral para o Deporte. A praza para a Secretaría Xeral para o Deporte debería estar aberta tamén a funcionariado do corpo de mestres da especialidade de EF.

Aceptado.

Convenios con entidades privadas. Os convenios con entidades privadas deberían limitarse e non nos parece que sexa o mellor sistema de colaboración con entidades que teñen necesidades permanentes. Debería buscarse outra solución.

destino	corpo-especialidade	Nº
Secretaría Xeral para o Deporte	PES. Educación Física (ou con titulación en EF)	2
Centro de Menores Concepción Arenal	Corpo de mestres/as. EP	1
Hospital Clínico de Santiago	PES. FeQ con perfil Inglés.	1
Complexo Hospitalario da Coruña	Corpo de mestres/as. EI	1
Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo	PES. FeQ con perfil Inglés.	1
ONCE: A Coruña	Corpo de mestres/as. Especialidade AL ou PT	2
ONCE: Centro Santiago Apóstolo. Pontevedra	Corpo de mestres/as. Especialidade AL ou PT	1
AMTEGA, (Abalar desenvolvemento) Santiago de Compostela	Todos os corpos	2
AMTEGA, (Abalar XADE) Santiago de Compostela	Todos os corpos	1
Asesor/a Abalar Zona A Estrada	Todos os corpos	1
Asesor/a Abalar Zona Betanzos	Todos os corpos	1
Asesor/a Abalar Zona Cee	Todos os corpos	1
ASPANAES A Coruña	Corpo de mestres/as. Especialidade PT	1
Defensa. Escola de Especialidades Estación Naval A Graña. ESENGRA. Ferrol.	PESSFP, PTFP Cociña e Pastelería	1
Defensa. Escola de Especialidades Estación Naval A Graña. ESENGRA. Ferrol.	PES. Hostalaría e Turismo	1
Defensa. Escola de especialidades Antonio Escaño - Ferrol	PES Sistemas electrónicos	2
Defensa. Escola de especialidades Antonio Escaño - Ferrol	PES Equipamentos electrónicos	2
IES de Sabón	PESSFP, PTFP Cociña e Pastelería	2

Prazas vinculadas co Ministerio de Defensa. A formación en centros do Exército debería estar regulada doutra maneira e se hai necesidades permanentes, esta formación debería ser transferida á Consellaría de Educación.

Os requisitos das prazas. Hai algúns requisitos que non son realmente tales, senón funcións (praza de AMTEGA-XADE). Debe fixarse un criterio máis rigoroso para alegar e avaliar os requisitos. O lóxico sería que existise un apartado na aplicación web para enumerar os títulos que cada persoa presenta para xustificar os requisitos. No caso de que non proveñan de titulación ou formación senón da propia experiencia docente debería indicarse como se debe xustificar (certificación da dirección, por exemplo).

Convocatoria de praza de Lingua Galega no Colexio Cañada Blanch de Londres

Como novidade mantén o novo esquema de baremo unificado, neste caso cun apartado específico de coñecemento de inglés.

Mantén o resto de características de convocatorias anteriores (2015, 2020), incluído o proxecto. **Eliminan a petición da mesa entrevista.**

Licenzas de formación retribuídas

A CIG-Ensino denuncia a eliminación das licenzas de formación retribuídas e demanda a súa urxente convocatoria e un cambio radical no seu deseño.

A posibilidade de que o profesorado puidese gozar dunha licenza para ausentarse do seu posto de traballo e formarse, un aspecto moi relevante para a necesaria adaptación aos diferentes cambio e exixencias do sistema educativo, foi un dos recortes que acompañaron aos diferentes gobernos do PP desde a chegada de Feijóo á Xunta e que agora Rueda mantén e mesmo agrava.

O profesorado galego pasou de contar con licenzas retribuídas de medio curso ou de curso completo para rematar estudos que puidesen ter relevancia tanto no seu futuro profesional como na mellora do sistema educativo a só

poder optar a licenzas (entre un e tres meses) para desenvolver traballos curriculares. Estas modalidades supuxeron eliminar a alta demanda previamente existente, reducindo gradualmente tanto as licenzas concedidas como os fondos destinados a este fin.

A CIG-Ensino demanda a convocatoria das licenzas retribuídas e a recuperación das de formación académica.

Malia ser a posición da CIG-Ensino moi crítica cos recortes nas licenzas retribuídas que foron quedando, elimínalas é impresentábel, porque retira un dos poucos incentivos que ten o profesorado para elaborar contidos actualizados para as súas materias e módulos así como para fornecer un repositorio de materiais didácticos, que a CIG-Ensino sempre demandou que tiñan que ser obrigatoriamente en galego, para así tamén mitigar a carencia existente de materiais na nosa lingua, especialmente na FP. Por iso, o sindicato pide explicacións á Consellaría e urxe unha rectificación e a convocatoria para o curso próximo, traéndoa canto antes á Mesa Sectorial. Tamén na liña das nosas propostas destes últimos anos, urximos á recuperación das licenzas por estudos, mellorando a accesibilidade á mellora da formación académica do profesorado, o que só pode ter efectos moi positivos na calidade do sistema educativo.

Licenzas non retribuídas

Sobre a convocatoria.

Limitase o inicio das licenzas, tanto a de 5 meses como a de curso completo, ao 15 de setembro, cando o curso pasado só se indicaba o mes, polo que podía comezar o día 1. Solicitamos que se corrija. En todo caso, a substitución da persoa con licenza debe comezar con suficiente antelación ao comezo das aulas.

Os períodos de 5 meses parecen estar vinculados ao calendario universitario de estudo de graos mais tampouco se corresponden exactamente, xa que as aulas no 1º cuatrimestre comezan antes do 15 de setembro. O que non parece moi lóxico, desde a perspectiva da substitución da persoa que pida a licenza, é comezar en febreiro, cando tería máis sentido que xa non comezase en xaneiro co seu alumnado. Solicitamos que se poida ampliar, sempre que o pida a persoa voluntariamente, a 6 meses se a licenza se colle nesa segunda quenda (ou permitir en todo caso un permiso sen soldo para o mes de xaneiro).

Na base décima regúlase a situación de baixa médica durante a licenza non retribuída. Este ano incorporan maternidade e paternidade e indican que “poderá dar lugar a unha modificación da licenza ou, cando proceda, a unha revogación dela cando quede acreditada a imposibilidade de continuar o traballo obxecto da licenza”.

Solicitamos que a persoa poida solicitar a interrupción da licenza, sen que sexa potestade da administración.

A Consellaría aceptou que as licenzas pasen a ser de cinco meses (do 1 de setembro a 31 de xaneiro) ou de seis meses (do 1 de xaneiro a 30 de xuño).

Van a consultar se poden alongar as licenzas no caso de baixas médicas ou permiso de maternidade e paternidade.

Orde de reintegros por gastos de formación

Mantense a partida de 200.000€ do curso pasado. Xa hai un ano denunciámos que o incremento recollido como un capítulo máis dos logros históricos do acordo da vergoña de outubro de 2023 era unha farsa porque non se garantía que o remanente se vinculase coa formación do profesorado, por exemplo aumentando os fondos para as licenzas retribuídas.

Do ano 2024 só se pagaron un total de 11.546,82€ para un total de 38 docentes o que revela a escasa incidencia desta iniciativa. O remanente, un total de 188.453,18€ perdeuse polo camiño.

Mantéñense algunhas melloras propostas pola CIG-Ensino hai agora un ano, como a referencia ao persoal substituto.

Reiteramos a nosa demanda dun prazo aberto durante todo o curso académico e con suficiente publicidade por parte da administración para favorecer o seu coñecemento polo profesorado.

Na comisión de valoración debe existir presenza sindical.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acornha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal